

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE
PONTEVEDRA E A REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS**

V CICLO DE CONFERENCIAS AIDA FERNÁNDEZ RÍOS

EXPEDIENTE: 2024001922

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS PARA A REALIZACIÓN DA V EDICIÓN DO CICLO DE CONFERENCIAS AIDA FERNÁNDEZ RÍOS PARA O ANO 2024

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

REÚNENSE

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da institución provincial, entidade con CIF P-36 000 00-H, de conformidade coas competencias establecidas no artigo 34.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e no artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Da outra, Juan Manuel Lema Rodicio, presidente da Real Academia Galega de Ciencias (RAGC), entidade con CIF Q-156 80 10-A, de conformidade coas competencias establecidas no artigo 33.2 a) dos seus estatutos, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia o 11 de abril de 2019 (Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se modifican os Estatutos da Real Academia Galega de Ciencias, publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 86, de 7 de maio de 2019).

Dá fe do acto a persoa que ostenta a titularidade da Secretaría no momento da sinatura electrónica.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións do sector público, das administracións, das corporacións de dereito público e, en xeral, de calquera entidade pública. Tendo en conta o anterior,

EXPOÑEN QUE

- I. A Deputación de Pontevedra é unha Administración pública, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins propios e específicos, de acordo co disposto no artigo 5 da LRBRL e no artigo 101 da LALG.



- II. A RAGC é unha corporación científica de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar.
- III. De acordo co establecido no artigo 6 dos seus estatutos, entre os seus fins están “fomentar a investigación, o estudo e a divulgación das ciencias e das súas aplicacións e a incorporación do coñecemento científico á sociedade, como coadxuvante do desenvolvemento socioeconómico”.
- IV. No artigo 36.1.d) da LRBRL atribúeselles ás deputacións a competencia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Ademais, no artigo 109 da LALG encoméndaselles, en xeral, o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia.
- V. No artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan lograr os obxectivos marcados nesta lei.
- VI. Ambas as partes consideran de interese común promover a cooperación e a colaboración para realizar o V Ciclo de Conferencias Aida Fernández Ríos para o ano 2024.

A RAGC leva organizando actividades, cursos e ciclos de conferencias en toda a comunidade galega desde a súa fundación en 1977 e, en liña cos seus obxectivos (difundir a ciencia e a tecnoloxía), pretende levar a cabo por quinto ano consecutivo este ciclo de conferencias para despertar o interese do gran público en temas de actualidade científica con repercusión sobre a sociedade e contribuír á súa educación e formación en igualdade.

- VII. Os convenios entre as administracións públicas ou coas corporacións de dereito público constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como se establece no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), no artigo 57 da LRBRL, e nos artigos 198 e seguintes da LALG.



- VIII. De acordo cos motivos expostos, é desexo de ambas as partes asinar este convenio, no que se establecen o marco xeral e as bases de colaboración, e se fixan as obrigas materiais e económicas concretas de cada unha, polo que manifestan a vontade común de subscribilo de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a RAGC para realizar o V Ciclo de Conferencias Aida Fernández Ríos para o ano 2024.

Impartiranse un total de trece conferencias (con cadansúa persoa relatora), oito en formato de seminario web (das cales unha será tamén presencial), transmitidas en directo e dirixidas á cidadanía en xeral, e cinco presenciais en centros educativos da provincia de Pontevedra, coas características e cos contidos que se detallan a continuación.

Por razóns debidamente xustificadas, a Deputación de Pontevedra e a RAGC poderán propoñer cambios, tanto nas persoas relatoras propostas coma nas temáticas e nas datas recollidas neste convenio, en función da dispoñibilidade das persoas que as van impartir, sempre que se lle comunique previamente ao servizo xestor cunha antelación mínima de dez (10) días hábiles.

BLOQUE I: SESIÓNS EN FORMATO DE SEMINARIO WEB OU SEMIPRESENCIAL

- Dirixidas á cidadanía en xeral.
- Lugares e datas de realización: de abril a xuño de 2024, seis temáticas con oito conferencias en formato de seminario web, das cales unha será tamén semipresencial, que terá lugar nos espazos que determine a Deputación de Pontevedra.
- Previsión do número de persoas participantes por conferencia: entre 50 e 100.



- TEMÁTICAS

1.1 AVANCES EN EPIDEMIOLOXÍA E TERAPIA

1.1.1. Título: "Avances en epidemioloxía e cribado das enfermidades neonatais"

Relatora: M.^a Luz Couce Pico

Directora científica do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), xefa do Servizo de Neonatoloxía e directora da Unidade de Diagnóstico e Tratamento de Enfermidades Metabólicas Conxénitas do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

1.1.2. Título: "Estado actual da incidencia e tratamento das infeccións por VIH e hepatitis virais"

Relatora: Eva Póveda López

Directora científica do IDIS Galicia Sur e coordinadora do Grupo de Viroloxía e Patoxéneses.

1.2. ECONOMÍA OCEÁNICA SOSTIBLE

Título: "Economía oceánica sostible: prevención e mitigación dos impactos ambientais das artes da pesca e os refugallos mariños asociados"

Relator: Sebastián Villasante Larramendi

Doutor en Economía Aplicada. Profesor contratado da Facultade de Administración e Dirección de Empresas da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Investigador do Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS) da USC.

1.3. DISTORSIÓN MOTIVACIONAL NA SELECCIÓN DE PERSOAL

Título: "Control da distorsión motivacional na selección e avaliación do persoal: como non fallar nos procesos de captación de talento e selección de persoal"

Relator: Fernando Salgado Velo



Catedrático de Psicoloxía do Traballo e Recursos Humanos, e decano da Facultade de Relacións Laborais da USC.

1.4. INTELIXENCIA ARTIFICIAL E PROCESAMENTO DA LINGUAXE

Título: “Aplicación da intelixencia artificial para o procesamento da linguaxe natural. Novas tendencias e desafíos actuais”

Relatora: Silvia García Méndez

Investigadora posdoutoral. Xunta de Galicia. Membro do Grupo de Tecnoloxías da Información, integrado en AtlanTTic, da Universidade de Vigo (UVigo).

1.5. ESCAVACIÓNS PALEONTOLÓXICAS EN GALICIA

Título: “Importancia dos achados nas escavacións paleontolóxicas en Galicia: un campo pouco coñecido”

Relatora: Aurora Grandal D'Anglade

Profesora titular de Paleontoloxía na Universidade da Coruña (UDC) e directora do Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal da UDC.

1.6. INMUNOTERAPIA E CANCRO

1.6.1 Título: “Encapsulación e liberación de células CAR-T en sistemas nanoestruturados para combater tumores sólidos”

Relatora: Bárbara Blanco Fernández

Investigadora Ramón y Cajal. Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica da Facultade de Farmacia da USC.



1.6.2 Título: "Estado actual e futura da terapia CAR-T"

Relatora: Mariona Baliu Piqué

Investigadora do Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas de Galicia de Galaria, Empresa Pública de Servicios Sanitarios, en Santiago de Compostela.

BLOQUE II: CENTROS DE ENSINO (cinco conferencias)

- Dirixidas ao alumnado dos centros de ensino da provincia de Pontevedra (ESO, bacharelato e ciclos) propostos pola Deputación de Pontevedra.

- Datras de realización: de maio a decembro de 2024.

- Formato: presencial.

- TEMÁTICAS

2.1. Título: "Intelixencia artificial aplicada á saúde"

Relatora: María José Carreira Nouche

Profesora titular das áreas de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial da USC, e investigadora no Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS) na USC.

2.2. Título: "Ser ou non ser *hacker* e o dilema dos 'sombreirois'"

Relator: Manuel Caeiro Rodríguez

Profesor titular de Enxeñaría Telemática na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da UVigo

2.3. Título: "Avances na medicina personalizada"

Relatora: Carmen Álvarez Lorenzo

Catedrática de Tecnoloxía Farmacéutica na Facultade de Farmacia da USC, e académica da RAGC e da Real Academia de Farmacia de Galicia.



2.4. Título: "Descubrimientos en astronomía: os exoplanetas"

Relatora: Minia Manteiga Outeiro

Catedrática de Astrofísica do Departamento de Ciencias de Navegación e Enxeñaría Mariña da UDC, vicepresidenta da Sociedade Española de Astronomía e académica da RAGC.

2.5. Título: "Como afectan substancias tóxicas cotiás sobre o noso ADN"

Relatora: Vanessa Valdiglesias García

Profesora titular de Xenética na UDC e coordinadora do Grupo de Investigación en Nanotoxicoloxía e Toxicoloxía Xenética do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) na UDC.

Segunda. Orzamento

O custo da execución das actuacións previstas neste convenio é de doce mil (12.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/233.2310.480.02 do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.

Estas actividades terán lugar entre os meses de abril e decembro de 2024.

Terceira. Obrigas da RAGC

1. Asumir a organización e a coordinación de todas as conferencias en coordinación coa Deputación de Pontevedra.
2. Colaborar na difusión da realización deste ciclo e de cada unha das conferencias que o integran.
3. Facer visible na publicidade do evento e en todo o material que se empregue para a súa difusión e impartición a financiación deste pola Deputación de Pontevedra.
4. Xustificar as actuacións executadas perante o órgano provincial no prazo máximo de tres (3) meses desde a finalización das actividades mediante a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado.

Para a correcta xustificación deberase achegar, xunto co anterior, a seguinte documentación:

- Memoria debidamente asinada da actividade que se realizou e dos resultados obtidos.
- Conta xustificativa coa relación dos gastos.
- Declaración responsable de que os gastos e os ingresos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio.
- Declaración responsable de que os ingresos e as subvencións ou as axudas obtidas, se as houbera, non superan o custo da actuación.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para comprobar a correcta execución do obxecto do convenio.

5. A RAGC debe utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que se poidan acreditar mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que se identifiquen a entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.).

Excepcionalmente, por razóns debidamente motivadas expostas á Deputación de Pontevedra, poderase usar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma de pago. O incumprimento desta disposición poderase considerar causa de resolución.

Así mesmo, o pagamento de todas as facturas que figuren na conta xustificativa deberá realizarse preferentemente a través de entidades financeiras; isto será obrigatorio, en todo caso, cando o importe de cada factura supere os novecentos (900,00) euros . No caso de non ter contabilidade fiable, soamente serán subvencionables os gastos que se poidan acreditar mediante extractos bancarios (independentemente do seu importe).

Tamén cómpre sinalar que unha vez formalizado o convenio se poderá conceder un adianto de ata o 50 % do orzamento previsto, previa solicitude da RAGC. Así mesmo, a porcentaxe de desviación máxima dos diferentes conceptos da actividade subvencionada respecto do orzamento inicial non superará o 30 %.



A institución provincial poderá realizar as inspeccións e as comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e do obxecto do convenio de colaboración.

En todo caso, as facturas ou os documentos análogos acreditativos do gasto e o resto da documentación xustificativa serán verificados polos servizos técnicos provinciais e fiscalizados pola Intervención antes de seren aprobados.

6. A RAGC quedará obrigada a prestar colaboración e a facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lles corresponden á Intervención, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas; así mesmo, someterase ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás demais derivadas da normativa de axudas e subvencións.

Cuarta. Obrigas da Deputación de Pontevedra

1. Financiar a actividade obxecto deste convenio coa cantidade máxima de doce mil (12.000,00) euros, en concepto de colaboración coas execucións anteriormente sinaladas.
2. Deseñar a imaxe do V Ciclo de Conferencias Aida Fernández Ríos e elaborar o material de difusión deste en coordinación coa RAGC.
3. Facilitar os medios necesarios para retransmitir a conferencia realizada de xeito semipresencial.
4. Darlle repercusión á programación do V Ciclo de Conferencias Aida Fernández Ríos para o ano 2024 e difundila nos perfís sociais do organismo provincial.

Quinta. Compatibilidade con outras subvencións

As achegas económicas previstas no convenio serán compatibles con outros ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de calquera organismo internacional. O importe destas achegas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación obxecto deste convenio.



Sexta. Confidencialidade da información e protección de datos

As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran; este permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades. Así mesmo, terán a obriga de manter o convenio en réxime de confidencialidade por prazo indefinido, independentemente do que dure este convenio.

Toda a información e comunicación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

Nas actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberá respectarse na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal. As partes poderán darlle publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.

Sétima. Comisión de Seguimento

Para o seguimento e o control do cumprimento deste convenio, e tamén para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constituirase unha comisión de seguimento, integrada por unha persoa representante designada por cada parte, que poderá contar coa asistencia do persoal técnico que se considere conveniente.

As súas funcións serán, entre outras, as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, e propoñer as actuacións que se consideren precisas.
- Propor, en caso de dúbida, a interpretación do seu contido.
- Propoñerlles ás partes a súa resolución na aplicación do convenio, no caso de xurdiren controversias.

Esta comisión reunirse no prazo de tres (3) días, contados desde a petición expresa de calquera das partes.

Oitava. Relacións laborais

Os acordos que se reflicten neste convenio e os específicos que, no seu caso, se asinen terán carácter administrativo e deles non se derivarán, en ningún caso, dereitos ou obrigas de carácter laboral.

Novena. Difusión da colaboración

A RAGC comprométese a realizar a difusión da colaboración da Deputación e a destacala en lugares ben visibles mediante carteis, *rollers*, folletos, carpetas, actividades, publicacións e comunicacións en prensa, radio, televisión, internet, vídeos ou videoconferencias, entre outros.

De acordo co establecido na Resolución presidencial do 14 de febreiro de 2023 (núm. de rexistro 2023001273), segundo o procedemento establecido na Resolución presidencial do 3 de maio de 2017 (núm. de rexistro 2017008767) en relación coa remisión ao Tribunal de Contas dos convenios que se formalicen coa Deputación e cos seus organismos dependentes, no artigo 53 da LRXSP e na normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas, Resolución do 2 de decembro de 2016), as entidades locais deben remitir anualmente, e por procedemento telemático, unha relación certificada comprensiva dos convenios formalizados pola entidade local (e as súas entidades dependentes) no exercicio anterior, independentemente do seu importe e antes de que conclúa o mes de febreiro do exercicio seguinte ao que se refira.

Ademais, deberán comunicarse as incidencias que xurdan durante a súa execución (modificacións, prórrogas ou variacións de prazos etc.) no prazo de tres (3) meses desde a data na que se produzan.

Para tales efectos, co obxectivo de contribuír aos principios de publicidade e transparencia, este convenio publicarase nas páxinas web das entidades asinantes.

Décima. Vixencia do convenio

O convenio permanecerá en vigor desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.



Décimo primeira. Resolución

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalgunha causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1. O transcurso do prazo máximo de vixencia.
2. O acordo unánime das entidades asinantes.
3. O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por parte dalgunha das entidades asinantes. Neste caso, enviaráselle á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo sinalado, cumpra coas obrigas ou cos compromisos que se consideren non resoltos. Isto comunicaráselle tamén á persoa responsable da Comisión de Seguimento. Se, transcorrido o prazo indicado no requirimento, persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificaralle á outra a concorrencia da causa de resolución e entenderase o convenio como resolto, o que poderá dar lugar á indemnización polos prexuízos causados.
4. Unha decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
5. Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo segunda. Normativa aplicable e xurisdición competente

Este acordo ten natureza administrativa e rexerese polas súas cláusulas; polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local; polas Bases de execución do Orzamento provincial; pola LRXSP; así como polas restantes normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento, as partes quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puidesen suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

Ao estar as partes conformes co sentido deste documento, asínano no lugar e na data indicados no encabezamento.

Asinado dixitalmente na portada do encabezamento

